



## Concello de Portomarín

### BASES DE PARTICIPACIÓN TARDES CONCILIA-EXTRAESCOLARES

#### CONCELLO DE PORTOMARÍN 2022-2023

##### 1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ao subprograma “Tardes Concilia - Extraescolares” enmarcada na medida municipal de conciliación “*Portomarín-Concilia*”. Dito servizo se encontra subvencionado pola “*Secretaría Xeral da Igualdade*” da Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade e o Concello de Portomarín.

O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias nas instalación do CEIP “Virxe da Luz” un servizo dirixido aos alumnos/as que precisen asistir a actividades deportivas e de ocio ao remate da xornada lectiva; en fomento de actividades saudables, deportivas e de desenvolvemento para eles/as; así como proporcionarlles recursos de conciliación con motivo da incompatibilidade da xornada laboral ao remate da xornada lectiva.

##### 2.- DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS

As actividades extraescolares están dirixidas a nenos/nenas matriculados/as no centro educativo pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Portomarín – CEIP Virxe da Luz.

Os requisitos establecidos son os de **estar matriculado/a no centro docente** no que se solicita a actividade extraescolar e **presentar a documentación esixida**.

##### 3.- PRAZAS OFERTADAS

O número de prazas ofertadas é de 15 alumnos/as por actividade. Para que se leve a cabo a actividade extraescolar será preciso un número mínimo de 10 nenos/as. As actividades serán de balde.





## Concello de Portomarín

### 4. HORARIO E CALENDARIO

As actividades vanse a desenvolver segundo o “calendario escolar 2022-2023”, durante os días lectivos. O horario esta comprendido fóra do horario lectivo entre as 14:50h e as 17:30h para os días mércores, xoves e venres.

A data de inicio quedará condicionada a autorización por parte da Consellería de Educación e a súa aprobación por parte do consello escolar do CEIP Virxe da Luz. No obstante as actividades están plantexadas para comezar o día 05 de outubro de 2022 ata o día 22 de xuño de 2023.

Cabe sinalar, que o calendario, horario, así como a tipoloxía de actividades poderá ser modificada en función das necesidades que se detecten ou polas condicións da covid-19 o longo do seu período de execución.

#### 4.1 Tipoloxía de actividades

##### 4.1.1 Educación Infantil

Horario/ Día	Mércores	Mércores
14:50:-16:30	Iniciación - Patinaxe	xxx
16:30-17:30	xxx	Zumba infantil

##### 4.1.2 Educación Primaria

Horario/ Día	Xoves (Grupo A)	Venres (Grupo B)
14:50:-16:30	Aprendiz-Patinaxe	Perfeccionamento-Patinaxe
16:30-17:30	Multideporte	Multideporte

(Véase documento publicado “*Plan de Actividades Extraescolares 2022-2023*”)





## Concello de Portomarín

---

### 5. FUNCIONAMENTO

- A baixa dun/ha alumno/a nunha actividade extraescolar deberáse comunicar no mes anterior ao que se desexa a baixa, cumprimentando a correspondente solicitude de baixa no concello.
- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a en dita actividade.
- Para poder ser beneficiario/a das “Actividades Extraescolares”, o/a neno/a non poderá faltar, sen xustificar, a mais de catro clases nun trimestre. De non ser así daráse de baixa ao neno/a da actividade extraescolar. Así mesmo, a falta de puntualidade na recollida dos participantes/as poderá suponer a perda do dereito a actividade.
- No caso de que un dos alumnos/as contén cun nivel superior de destrezas e habilidades na actividade correspondente ao seu curso académico poderá solicitar un cambio de grupo nos dez primeiros días hábiles ao comezo das actividades. Dita solicitude deberá de realizala o pai/nai/titor/titora do alumno/a no modelo proporcionado polo concello indicando o novo grupo. Asimesmo, a monitora deportiva deberá de avaliar as destrezas e habilidades do alumno/a segundo o grupo no que desexe inscribirse novamente. Para os cambios de grupo, será necesario a existencia de prazas vacantes. En caso contrario non estarán permitidos os cambios de grupo.

Unha vez avaliados os cambios por parte da monitora deportiva a persoa coordinadora das actividades realizará un informe cos cambios realizados nos grupos dirixidos á alcaldía para a súa resolución.

- Os participantes estarán sempre acompañados do persoal cualificado que desempeñará o posto. Dado que se trata dunha actividade dedicada aos alumnos e alumnas do CEIP Virxe da Luz de Portomarín, non se permitirá o acceso ás instalacións onde se realice o servizo, de ninguén máis que a dos alumnos e alumnas participantes, os monitores e os traballadores do centro escolar.





## Concello de Portomarín

---

- En cada unha das actividades seguiranse as recomendación xerais para “a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023” segundo o documento: *Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023*. Estas serán de obrigado cumprimento para o alumnado e o monitorado.
- O concello de Portomarín conta cun seguro de responsabilidade civil en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as que estén inscritos nas actividades extraescolares que o Concello de Portomarín propón para o curso 2022-2023.

### 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Cada participante/a poderá inscribirse nun máximo de dúas actividades dentro das actividades dirixidas ao alumnado de **educación infantil e de educación primaria**.

Establecese un grupo de educación infantil e dous de educación primaria: E.P xoves (A) e E.P venres (B) cun total de 15 prazas en cada grupo.

No que respecta ao grupo de **educación primaria dos xoves (A)** este correspondese aos cursos de 1º, 2º e 3º. Por outra banda, **o grupo dos venres (B)** correspondese aos cursos de 4º, 5º e 6º de educación primaria.

O obxecto desta delimitación de grupos por niveis en base ao curso académico establece co obxecto de obter un número equitativo de alumnos/as para cada grupo; co fin de que as destrezas, habilidades e coñecementos a adquirir sexan proporcionados aos alumnos/as.

### 7.- PROCEDEMENTO-SOLICITUDES

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello. Todas as





## Concello de Portomarín

---

persoas solicitantes, ao momento de presentar a súa solicitude estarán aceptando as presentes bases.

As solicitudes serán cursadas polo proxenitores ou titores legais dos alumnos e alumnas no modelo facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I) o prazo de solicitudes será dende o día 14/09/2022-26/09/2022 ambos inclusive.

### **A presentación de solicitudes e demais documentación poderá presentarse a través da:**

- A través da sede electrónica do concello <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- A través dos rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A través do email [serviciosociais@concellodeportomarin.es](mailto:serviciosociais@concellodeportomarin.es) indicando no asunto nome e apelidos do alumno/a e actividade que solicita.

\* As solicitudes realizadas fóra do prazo establecido non serán admitidas. No caso de existir posteriormente dispoñibilidade poderánse inscribir nas actividades o longo do período de execución establecido a través dos mesmos medios.

### **As solicitudes deberán ir acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:**

- Anexo I debidamente cuberto e asinado
- Orixinais do DNI dos dous proxenitores ou titores legais; e de ser o caso do alumno/a.
- Orixinais do libro de familia.
- Orixinal tarxeta sanitaria do/a menor.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requerida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.





## Concello de Portomarín

---

Naqueles casos que a documentación xa fose presentada con anterioridade, deberán de indicar na solicitude para o procedemento polo cal foron presentados os documentos.

### 8.- PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

A instrución do procedemento corresponderá á persoa habilitada ou técnica municipal pertencente ós Servizos Sociais Comunitarios municipais.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na **sede electrónica** <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> as:

- Solicitudes admitidas: Alumnos que obteñen praza no programa. Nesta lista indicaráse o día de comezo das actividades e o lugar de realización.
- Solicitudes desestimadas por non acreditar o cumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso da falta dalgún documento esixido para participar na convocatoria establece un prazo de 2 días naturais para a súa subsanación. A súa presentación realizarase polos mesmos medios polos que se presentou a solicitude, de non ser presentados entenderase excluído/a.

### 9.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO SERVIZO.

O correcto desenrolo deste servizo está condicionado á actual situación sanitaria, podendo sufrir modificacións, suspensión de servizos ou a total cancelación do programa segundo sexa necesario para garantir a seguridade e saúde dos alumnos e alumnas participantes, así como do resto de alumnado do centro escolar, monitores, traballadores e as súas familias. Tamén será motivo de suspensión ou cancelación se non se alcanza o nº mínimo de dez participantes/as.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes.





## Concello de Portomarín

---

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde-Presidente

Pablo Rivas Folgueira

